



CEIP PLURILINGÜE DE SILLEDA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

CURSO 2024/25

De acordo coa Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; ponse en coñecemento das persoas interesadas que **o prazo de presentación de solicitudes de admisión do alumnado para o próximo curso 2024/2025 neste CEIP Plurilingüe de Silleda irá desde o día 1 de marzo ata o 20 de marzo do presente ano. A solicitude, xunto coa documentación necesaria, presentarse na Secretaría do centro, de luns a venres, no seguinte horario: 9:15 a 11:25 h., ou a través da aplicación: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>**

INSTRUCCIÓNS

1.-ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3, 4 e 5 anos).

Pódense matricular nesta etapa as nenas e os nenos que naceron nos anos 2021, 2020 e 2019.

Documentación a presentar :

- a) *Fotocopia do libro de familia ou fotocopia do DNI do/da alumno/a.*
 - b) *Fotocopia do libro de vacinas.*
 - c) *Fotocopia da tarxeta sanitaria.*
 - d) *Fotocopia dos DNI-NIE dos proxenitores ou titores legais.*
 - e) *Certificado ou volante de convivencia (solicítanse no Concello de Silleda).*
 - f) *Dúas fotografías tamaño carné. (Só cando o alumno ou a alumna veña por primeira vez para o centro e/ou teña 3, 4 ou 5 anos).*
 - g) *Documento de solicitude de admisión debidamente cuberto: pode [descargarse na sede electrónica da Xunta de Galicia \(procedemento ED550B\)](#) ou solicitalo na Secretaría do centro. **En caso de separación/divorcio, sinatura de ambos proxenitores xunto coa resolución xudicial correspondente.***
- (* *Todas as fotocopias deberán vir acompañadas do documento orixinal para o seu cotexo. Pódese realizar o proceso de admisión directamente na propia aplicación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través do seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> (solicitudes de admisión).*

ACLARACIÓN.- O alumnado de Educación Infantil de 3 e 4 anos, xa matriculado no colexio, **non é necesario** que aporte ningunha documentación para pasar a 4 e 5 anos.

2.-ALUMNADO DE 1º DE ED. PRIMARIA (nados en 2018). Se veñen por primeira vez para o CEIP Plurilingüe de Silleda, traerán a mesma documentación que o alumnado de Educación Infantil, **agás as fotos. Se xa está en Ed. Infantil de 5 anos no colexio, non precisa aportar documentación.**

3.-ALUMNADO ACTUALMENTE NO CENTRO. Non é preciso realizar o procedemento de reserva de praza, **considerándose a todo o alumnado coa matrícula formalizada para o próximo curso 2024-25.**

Silleda, 20 de Febreiro de 2024

A directora,

María Consuelo Rodríguez Costoyas